

I

Venecia é unha fraga. Unha fraga húmida e vizosa. Durante séculos, os seus alicerces construíronse coas árbores carrexadas dende as carballeiras das esgrevias ribeiras de Istria e os piñeirais das terras altas de Belluno, á sombra dos negros rochedos dos Dolomitas. Sobre milleiros de espeques e puntais desta madeira, chantados nos cento dezasete illotes do inmenso esteiro lamacente que formaban as augas lixeiras do Brenta, o Piave e o Sile, os vénetos trazaron calellas, pontes, escaleiras e campos. E alzaron pazos, igrexas, escolas e hospicios, de fachadas almofadadas ou recibadas con morteiro cinsento ou vermello, e incluso con ouro e pedras preciosas. E enfeitáronos con molduras, grilandas, frisos, volutas, glifos e grecas de mármore, de pórfido e de alabastro, compoñendo unha extraordinaria sonata de infinitos arcos, ventás, frontóns, obeliscos e fornelas.

De vez, as cinco campás do esvelto *campanile* de San Marcos, a Marangona, a Maleficio, a Nona, a Trottiera e a dos Pregadi, tocan a rebato, que a República amenceu con *acque alte* e a voraz lagoa cubriu con case unha cuarta

de auga a praza do evanxalista, patrón da cidade. Ás cinco escollidas, axiña as seguen as súas compañeiras de todos os campanarios da Serenísimas, da igrexa de San Pantaleone ao santuario de San Pietro, agás a de San Giorgio, que semella que colleu frío e amenceu rouca, malia os coidados e aloumiños do seu vello campaneiro, que nos días de moita xea-da a envurulla cunha bufanda de la meiriña e lle dá fregas con untura de mel no seu arrefriado pingallón de bronce. E así, con ese alarmante badalear, os seis *sestieri* da cidade, Cannaregio, Castello, Dorsoduro, San Marco, Santa Croce e San Polo espertan de súpeto, neste día de outono, un pouco máis cedo do habitual, que a xolda de onte nestes seis barrios foi das boas, pois se celebrou o comezo do seu célebre Entroido.

Ante esa descompasada zarabanda de repiques, Vivaldi e o seu querido compadre, o indiano Charpentier, nin se inmutan, mentres saborean, cos pés enchoupados, o escumoso café que Floriano Francesconi lles serviu de mala gana na súa baiuca Alla Venezia Trionfante. Despois dunha noite de esmorga os dous amigos plantáranse nos soportais da Galería dos Procuradorías Novas, de diante da entrada da *bottega*, e atopáranse pechada a chave e tranca. Desgustados por non poder tomar a súa acre infusión, como todos os días que regresaban de foliada, comezaran a bater na porta cos seus cotelos.

—¡Florian, Florian! —berraba o músico.

—Unha cunquiña de *caffè*, por *favore* —engadía Charpentier no seu macarrónico italiano.

Ao taberneiro, que estaba dentro tentando evitar que a auga inundase o seu negocio, non lle quedara máis remedio que abrílles e servílles ante o escándalo que estaban a for-

mar. E así, namentres os dous bébedos goliardos degustan os seus cafés sentados a unha mesiña e ponderan as súas benéficas propiedades como magnífico reconstituínte e mellor remedio para toda clase de maluras, Francesconi deslómbase achicando a auga fóra do local pola porta traseira. A imaxe, por cómica, ben podería protagonizar unha escena dunha ópera bufa ou ser obxecto dunha mordaz caricatura na primeira plana do *Pallade Veneta*, o xornal que os rapaces venden a berros na Ponte do Rialto.

—Pois estalle ben boa esta beberaxe, preste.

—Abofé que si, *caro amico*, que non hai mellor cura para as máis variadas doenzas.

—Como os dolorosos ataques de gota...

—¡Aí falastes!

—... e a molesta ciática.

—Certo, certo, que din que ata o mismísimo Dux o toma tres veces ao día, despois das comidas, por prescrición do seu médico.

—¿E para os males do espírito, preste?

—Tamén, meu benquerido siboney, sobre todo para as penas de amor. E pensar que houbo un Papa, Deus o teña na gloria, que quixo prohibilo por ser bebida de infieis; mais foi botar un grolíño e caer rendido ante tan sabedeira e tonificante tisana.

—¡Vaites, vaites!

—¡Ei, Florian! Vaste facer de ouro, tunante —bérralle Vivaldi ao taberneiro, que abafado polo esforzo encolle os ombreiros e segue coa súa angueira.

Razón non lle falta ao músico, pensa Francesconi, que dende que o inaugurou hai uns anos, o negocio está a rebor-dar, sempre cheo de patricios, artistas e embaixadores, e os

cartos non paran de entrar na caixa. Iso si, éche un traballo moi escravo; malia contratar un lote de camareiros, sempre ten que estar pendente dos seus clientes máis sobranceiros, que queren que sexa el en persoa quen lles prepare os escumosos capuchinos.

—Non hai mellores mans cás túas, Florian —repítellen acotío os senlleiros xentilhomes da Serenísimá—. Nin as da máis habelenciosa cortesá —engaden, botando algúns a rir a gargalladas mentres outros apuran os seus cafés mornos.

O león alado permanece inmóbil na súa atalaia de granito exipcio malia sacáreno de súpeto dos seus soños de rei da selva as atronadoras badaladas. Pensara en tapar as orellas coas ás e coller o sono de novo, mais unha parella de borrachóns que andaba a berrar polo taberneiro Florian na praza impediullo. A Leo, o león alado, gústanlle os espertares máis tranquilos, cando o sol axexa, tímido, dende Istria e as súas primeiras raiolas aloumiñan a súa cabeleira como nunca o fixera unha agarimosa leoa. Tamén gusta daqueles abrentes bretemosos que o fan sentirse libre, por fin, sobre esa vasta chaira cinsenta que se estende ata o horizonte e sobre a que salientan *campaniles*, fumeiros ou cúpulas bizantinas, coma solitarios baobabs dunha sabana que sabe que xamais coñecerá.

Aínda que Leo ten moitos compañeiros felinos por toda a cidade, esculpidos na pedra das fachadas ou fundidos nas aldrabas das portas, a arrogancia duns e a fachenda doutros impídelles principiar amigables conversas ou finxidas retesías. E así, no seu voluntario silencio permanecen todos eles sós, cruzándose olladas de carraxe e envexa, sobre todo cara a el, que dende sempre dera a benvida aos hóspedes máis

senlleiros da Serenísimá, cando desembarcaban do refulxente Bucentauro, a galera de ouro do Dux.

En camisón e chinelas, Benedetto Ricotta contempla o Gran Canal dende unha pequena fiestra, no terceiro andar do pazo familiar. As augas balorentas, acirradas polas campás que tocan a rebato, baten con coraxe no embarcadoiro perante a igrexa de San Stae. El xa o barruntara onte á tardiña, cando uliscara na airexa un lixeiro arrecendo a gulash, o guisado de boi maxiar. A bora, o vento que zoaba dende Hungría, trouxéralle ao peteiro o fume das espigadas chemineas de Buda e Pest. E sabido era por todos os mareantes da República que cando sopraba a lestada, amais de abrir o apetito nos bandullos comellóns, batía de fronte co abalo na boca do Lido, empurrándoo con forza contra a Serenísimá.

É cedo, e malia o incesante badaleo, no pazo aínda dormen todos, homes e bestas, grandes e pequenos, patricios e serventes. Benedetto pasou a noite esperto, facendo os derradeiros arranxos dunha nova colección de madrigais que vén de rematar. Pensa entregarllos hoxe ao copista para que os poña en limpo e lle faga varias copias. Devagar, as sombras chouteiras comezan a debuxar arabescos nas fachadas do pazo e os seus moradores espertan a unha nova xornada. Das cociñas chega o estrépito das potas e das tixolas fregadas con area polas fámulas; nos cuartos dos nenos, un coro anxelical recita aos tombos as declinacións latinas do día; nos tocadores, as damas gargarexan e enfeitan con esmero os seus rostros brancos; polas fiestras baléiranse penicos e caldeiros no canal; e no pequeno xardín que linda co fastoso pazo Vendramin, os insensatos podengos ouvean cara ao sol nacente pedíndolle contas polo atraso do seu almorzo.

A dos Ricotta é unha estirpe ilustre, que presume de descender dos vedraños patricios romanos, mais agora vida a menos, con minguado peculio e escaso prestixio social. Ao morgado, o irmán maior de Benedetto, cústalle chegar a fin de mes, coas escasas rendas que recada e as moitas bocas que hai no pazo para alimentar: unha muller, tres fillos e dúas cuñadas, amais dun exército de serventes. Benedetto tivera que esquecer a súa inicial vocación musical e procurar un cargo de inspector do fisco na administración da Serenísima, un posto menor e mal remunerado. De cando en vez publica a crítica dalgunha ópera no *Pallade Véneta*, e malia todos os atrancos non renunciou ás súas inclinacións, que o seu irmán considera veleidades de diletante, e no seu tempo de lecer compón e estuda os clásicos como lle aprendera a súa benquerida nai. Estráña. Fora ela quen o iniciara nos rudimentos da arte musical, suxeitando e levando as súas miúdas mans sobre o teclado do clavicémbalo. Fora ela quen lle espertara o amor pola lírica, pola harmonía dunha rima precisa, pola beleza dun palíndromo ousado. Moitas tardes pasaran no xardín falando en verso e cantando polo puro pracer de escoitarse. El soñara esperto un cento de veces co día en que estrease unha ópera de seu no teatro de San Giovanni Grisostomo e que ela, a súa naiciña querida, estivese alí para presenciar o seu éxito. Mais xa non ía poder ser, ela morrera e el é un pobre afeccionado que ten que andar a relear cos copistas.

Benedetto decátase que, día a día, o seu traballo de burócrata esportela o seu ánimo e que o seu fracaso como músico próelle a alma. A xenreira inza polo seu corpo doente coma unha peste e, para non enlouquecer, vai madurando, paseniño, unha vinganza coa que, dunha vez e para

sempre, axustará contas con empresarios, compositores, divas e músicos. Con ese fato de fachendosos hipócritas que lle negan o pan e o sal, a el, un dos máis sobranceiros fillos da Serenísimas, e que pola contra enxalza mediocres como Vivaldi, ese preste mullereiro e toleirán que, cando toca o violín, abanea o seu arco cun furor luxurioso indigno da súa condición eclesiástica.

Aldo esperta sobresaltado co atronador badalear e desenvaiña decontado a súa afiada gubia de carpinteiro. Giuseppe, o espelido rapaciño lombardo co que fixera boas migas na viaxe e se convertera no seu protector e introdutor nas idiosincrasias e costumes venecianos, cólleo do brazo con forza e tenta calmalo.

—Non te inquedes, meu, e durme. Só son as campás da Serenísimas, que algo teñen que anunciar.

O rapaz olla ao seu arredor e advirte que os seus compañeiros dormen coma uns parrulos, apiñados os uns contra os outros entre sacos e fardos, sen que as campás os saquen dos seus soños de labras e serraduras. Giuseppe déitase de novo, mais Aldo segue inqueda. Entre o estrondo dos badaleos escoita o rumor duns afastados acordes de violín seguramente procedentes dunha igrexa que fica subindo polo río que desemboca a carón do embarcadiro.

—Pertence ao hospicio da Piedade, e nela tocan todos os domingos as súas alumnas, os anxos máis fermosos e inocentes de toda a Serenísimas —contálle Giuseppe ao pouco de desembarcar.

A manda de rapaces xa vai para varios días que acampa nos peiraos da Riva delle Schiavoni, onde os mercadores dálmatas negocian na súa propia verba, o *veglioto*, con toda

clase de xéneros. Impacientes, os cativos agardan a que os navíos da República regresen preñados coas mercadorías do afastado Levante. Nos seus bandullos salgados, as embarcacións do león alado atesouran as máis prezadas alfaias para calquera luthier cremonés ou paduano: as exóticas madeiras coas que tallar volutas, caravillas e doelas dos seus violíns e violas. Os oficiais viñeran tamén á cidade dende os seus obradoiros no continente e, mentres baleiraban as súas faldriqueiras sobre os tapetes dos casinos e nos leitos das cortesás, deixaran os seus guiados aprendices, facendo de serviolas na Riva, asexando polos barcos e polos seus desexados tesouros.

Esta é a primeira visita de Aldo a Venecia. Dende o barco, os primeiros retallos que albiscara da cidade deixáranlo impresionado; xamais vira cousa tal. As espadanas, os chapiteis e as cúpulas xurdían aquí e alá, ás toas, entre a brétema da mañanciña que asolagaba o horizonte todo. Semellaba unha cidade celestial flotando maxestosa entre mestas nubes.

Logo, unha vez desembarcado, a impresión que levara non fora tan boa. O peirao dos dálmatas é un dos lugares máis fedorentos e perigosos da República; nin o mismísimo Dux ousa transitar pola súa contorna dende que hai séculos acoitelasen nunha rúa próxima un antecesor seu. É o acubillo da xentalla de peor ralea da cidade: rufiáns, malandríns e tunantes que procuran vítimas para as súas falcatruadas ou un mísero xornal como ocasionais estibadores, carrexando sacas, fardeis e bocois polos embarcadores de madeira. O seu amigo Giuseppe dixéralle que non se separase del e que, baixo a roupa, levase sempre preparado o seu escoupro polo que puidese pasar. Seguindo as

instrucións do seu oficial, Aldo permanecera á espreita no embarcadoiro, agoado por ter ao alcance dos seus dedos un ostentoso edén no que polo de agora non podía perderse na procura dos misterios e marabillas que este lle ofrecía xeneroso na súa magnificencia.

Ás veces, a Caterina gústalle zafarse da abafante vixilancia das monxas e escapulir do hospicio de madrugada, denantes de que rompa o día e teña que acudir ao refectorio a almorzar. O destino da súa provisoria fuga é a capela de Santa María, a carón do orfanato. É o seu maior segredo e ningunha das súas envexosas compañeiras o coñece, nin sequera llo comentou nunca ao seu benquerido mestre Vivaldí, e iso que sabe que é o seu ollíño dereito, a súa máis avantaxada pupila, e que xamais a delataría perante a priora.

—Non está moi lonxe o día en que me superes, *cara* Caterina, non está moi lonxe —repetíalle Vivaldi arreo, mentres lle pasaba a man pola súa barbadela afiada en presenza das outras alumnas, que consumidas pola denteira furaban a favorita coas súas olladas rancorosas.

Entre o estarabouzo das campás, Caterina entra con discreción na capela a través da porta da sancristía. Leva na man o seu violín e o seu arco, achégase á pía de auga bendita, molla os seus dedos e persígnase perante un dos altares. Durante uns intres fica alí de pé, invocando o perdón polo venial pecado que vai cometer deseguido. Alza a súa ollada e contempla, no coro, a galería enreixada, a gaiola dourada onde, lonxe das olladas indiscretas, todos os domingos e días de festa ela e as demais rapazas do hospicio ofrecen o seu concerto aos patricios da Serenísimas e aos demais fregueses. Logo, sitúase baixo a bóveda central, onde a acús-

tica é mellor, e sen encomendarse nin a deus nin ao diaño comeza a tocar. A fermosa melodía xorde coma un borboriño das cordas do seu violín e vai asolagando, engorde, todos os recantos do templo. As imaxes dos retablos emociónanse ante tanta beleza, e polo rostro de Santa Cecilia, patroa dos músicos, esvara un salgado regueiro de cera.

Como tantas outras, Caterina fora abandonada de meniña no torno do valo do hospicio e nel fora criada. Aos seis anos, e dadas as súas extraordinarias aptitudes musicais, pasou a formar parte das chamadas fillas do coro, a elite de rapazas que, baixo a batuta do mestre Vivaldi, chantre, mestre de violín e compositor, conformaban a orquestra da Piedade, da que axiña ela se convertería no seu concertino. A institución tiña tal sona na República que a ela acudían non só orfas e fillas bravas, senón tamén rapazas de boa familia. Os seus pais procuraban para as súas princesiñas unha esmerada crianza coa que acadar no futuro o ansiado ascenso social a través de oportunos matrimonios de conveniencia, pois a educación e disciplina que alí recibían eran a mellor carta de presentación en sociedade xunto cun xeneroso dote. Caterina coñecía o que lle deparaba o futuro: o silencio. Sabía que o día que marchase do hospicio debería renunciar como todas as que a precederon, e que non podería volver tocar o seu amado violín. Que o seu camiño unha vez fóra a levase a un matrimonio arranzado cun home ao que non coñecía ou a profesar nun convento de clausura, a ela dáalle igual. O que non está disposta é a abandonar aquilo que lle dá a vida, aquilo que lle dá azos para seguir adiante día tras día: a música. Sabe que máis cedo ou máis tarde terá que fuxir.

Caterina remata a súa sentida interpretación entre aco-ros. Unha xostregada percórrelle o corpo todo, unha corren-te subterránea que a axita coma o siroco ás augas adriáticas cando sopra dende o sueste. Está exhausta; con cada nota, con cada arpego, con cada silencio, foi perdendo o alento ata case desfalecer. Cambaleando, a virtuosa do hospicio da Piedade abandona a igrexa, que fica silandeira co prodixioso eco do adagio do mestre Vivaldi resoando aínda nos seus mármores.

O repenique das campás estragoulle a Carlo Torttoni o seu paseo matutino. Á mañanciña, cando os derradeiros tunantes procuran os leitos nos que durmir a mona ou o primeiro café do día para espertala, el adoita pasear. Deixa a súa casa e sae do barrio de San Polo franqueando a ponte do Rialto, onde aínda fican pechados os seus postos. Unha vez na outra banda do Gran Canal escolle ao chou cara a onde tirar. Hai veces que, absorto nas súas meditacións, os seus pasos o levan ata a entrada do estaleiro do Arsenal, fronte ao imponente león de mármore que un almirante da República trouxera como botín de guerra dende o porto do Pireo. O gran navegante ordenara chantalo alí en homenaxe a todos aqueles *arsenallotti*, os obreiros do Arsenal, que construíran as galeras que o levaran á vitoria fronte aos turcos nas augas do Exeo. Nestas ocasións, Carlo recitaba con voz cerimoniosa uns versos da baixada aos infernos de Dante mentres acarriaba as buguinas de pedra na enredada cabeleira do león.

—«Tal que no inverno o tenaz alcatrán ferve nos esta-leiros venecianos para carenar os barcos que pola podremia non poden singlar, e entre os obreiros, hai quen fai barco novo e quen calafatea o que xa fixo longas derrotas, quen

percorre a proa e quen a popa, quen talla remos, quen estordega maromas e quen, ao cabo, arranxa a mesana e o pau maior...»

Incluso un día en que se despistou, rematou perante o Ghetto, a esa hora temperá en que os gardas abren as dúas pontes para que os prestamistas e farrapeiros xudeus acudan a pechar tratos polas rúas da Serenísimas, que negociar poden negociar, mais cando o sol se pon no horizonte deben regresar ás súas casas do gueto, onde pasarán a noite a bo recado, pechados a barra e pedra, ata o día seguinte.

Por enriba de todas as cousas, Carlo ama o silencio, por iso goza tanto paseando cedo pola cidade. Case todos dormen, e os que non o fan xa non teñen folgos para cantar. Porque a el, o que realmente lle molesta é ese constante zunido que non lle deixa nin pensar, esa constante cantilena que centos de cacofónicos corvos grallando estenden por todas as rúas e campos da República. Mais calquera lles insinuaba que desafinaban, que non había ofensa máis grave para os vénetos que esa; esa e gañarilles un releo para acadar unhas mercadorías, pois sabido era que eles son os mellores cantantes e mercadores do Occidente todo, fose certo ou non.

Carlo xa pasou da trintena, traballa de avogado e ten un pequeno bufete cunha clientela estable. Redacta convenios mercantís, dirime controversias e fai as partillas nas herdanzas. O que os seus clientes ignoran é que, entre contrato e contrato, escribe pequenos entremeses, dramas burlescos e farsas. Polo de agora é un autor case descoñecido, mais non ten présa por estreir, el quere que as súas obras sexan representadas por verdadeiros actores e non por máscaras saltareiras vestidas con calzas. Malia todo, xa fixo os

seus peneiriños con varios intermedios para as óperas; e tampouco é a primeira vez que o mestre Vivaldi usa da súa habelencia coa pluma. Baixo alcume, fixéralle hai uns anos o libreto enteiro da opera cómica *Aristide*, estreada sen moito éxito no teatro San Samuele. No últimos tempos escribíralle unha aria de oito versos rimados para a súa protexida, a feiticeira contralto francesa Anna Giró. A Carlo, o apaixonado carácter do músico non lle chista moito, non está afeito aos berros, gargalladas e apertas que este reparte a oito, mais obtén a súa desexada recompensa ao poder admirar a graza e a beleza de Anna. Non pode entender qué fan xuntos, son como a bela e a besta: el é un vello narigudo e atolado que narnexa seguido, e ela un encantadora ruliña. Gustaríalle escribir algunha obriña para ela, unha traxicomedia onde puidese lucir os seus dotes interpretativos, porque as vocais son máis ben xustiñas. A Giró, que se decatara do interese do avogado, non perdía ocasión de galantear con el. Un día destes Antonio xa non estará e sen el xa non se lle abrirán a vagaván as portas dos teatros da República, por iso ten que mirar polo seu futuro. Está segura de que este Torttoni terá éxito como dramaturgo, que máis tarde ou máis cedo as súas obras se estrearán, e ela pensa estar ao seu carón para protagonizalas e compartir con el o éxito que sabe que acadará.

Giacometto, coa ollada aínda lagañosa, case bate de fociños na ponte do Rialto co ensimesmado cabaleiro de sempre. Xa o coñece de vista, pois crúzase con el case todas as mañás denantes de clarexar. Amais, o outro día, cando foi recoller á súa nai ao teatro de Sant'Angelo, viuño alí, na platea na compañía do mestre Vivaldi, asistindo aos ensaios da

nova e agardada ópera do compositor, o máis querido fillo da Serenísimá, que abriría a tempada do Entroido.

Ao pasar por diante da igrexa do seu nome, disque a máis antiga da República, xa venta no seu nariz o arrecendo que chega dende a Erbería, o mercado das herbas, a froita e as flores. O corazón desbocado comeza a bater con forza no seu peito adolescente. Vai na procura dunha xeitosa vendedora a quen leva varias semanas facéndolle as beiras. A rapaciña, afouta, resístese aos seus galantes embates, e malia o tempo transcorrido non acadou nin un mísero peñor de amor, agás algún que outro bico fugaz roubado á sombra dunha ponte ou nunha solitaria canella. Para non espantar a súa damiña, ao saír do seminario, Giacometto cobre sempre o seu cabelo tonsurado cunha pucha e deste xeito non descubra que nuns días recibirá as catro ordes menores e se converterá nun abate.

O do seminario fora cousa da súa nai Zanetta, que llo prometera ao seu home no seu leito de morte. Eran comediantes de máscara os dous: de Colombina, co seu traxe mendado e o seu tambor, ela; de Pantaleone, cos seus longos calzóns vermellos, el. Ambos os dous pensaban que o ambiente dos cómicos non era o máis apropiado para o seu benquerido gromo, pois tiñan medo de que se malograra. Cando quedou viúva, Zanetta cumpriu a promesa feita ao seu home a pesar da oposición do fillo.

A Giacometto, no fondo, dálle igual. Hai tempo que tomou a decisión de coñecer mundo e sería quen de fuxir dos mesmos sotos do cárcere do Pazo Ducal, os temibles *piombi*, para conseguilo. Nada e ninguén se interporán entre el e todas as cidades que pensa visitar: Dresde, Praga, Viena, París, Londres, Madrid. Aínda que, polo de agora,

o tenro sorriso e os peitos temperáns da súa vendedora de romeu e ourego van adiar a súa partida na procura de aventuras e fortuna lonxe de Venecia.

De vez, as cinco campás de San Marcos amortecen as súas voces, que xa todos os veciños saben do alagamento. Vagarosas, séguenas tamén todas as súas irmás que, unha a unha, van calando. O vello campaneiro, dende o *campanile* de San Giorgio, acariña a súa roufeña compañeira e olla melancólico cómo os pescadores de Chioggia se achegan contentos nas súas enfeitadas tartanas de coloridos velames e coas súas redes a rebordar de muxes, sardiñas e robalizas furtadas á xenerosa lagoa. A República espertou e, famenta, reclama o seu almorzo.